

teresados, sempre que este estivese visado polo Colexio Oficial correspondente. Se non fora así, a base imponible determinarana os técnicos municipais.

3. Á vista das construcións, as instalacións ou as obras realizadas e ó seu custo real efectivo, o Concello, mediante a comprobación administrativa correspondente, poderá modificar, se procede, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicará a liquidación definitiva correspondente e esixirá do suxeito pasivo o ingreso da diferenza entre a liquidación provisional e a definitiva ou reintegraralle, se procede, a cantidade que corresponda.

4. O ingreso das liquidacións, provisional e definitiva, efectuarase nas entidades colaboradoras da recadación nos prazos fixados polo Regulamento xeral de recadación.

Artigo 10º. Comprobación e investigación

1. A inspección e a comprobación do imposto realízanse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

2. En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e á determinación das sancións que lles correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven.

3. Ós efectos previstos neste apartado considerarase de especial transcendencia para a xestión do imposto a presentación das declaracións esixidas pola normativa vixente e recollidas nesta Ordenanza.

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou por calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste Imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal de fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, modifica a ordenanza modificada do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras aprobada provisionalmente polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 1 de decembro de 1.995 e publicada unha vez definitiva no Boletín Oficial de Pontevedra do 5 de febreiro de 1996, e entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Silleda, 23 de decembro de 2003.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Vieitez. 1003

A N U N C I O

Rematado o periodo de exposición Pública do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 221, de data 14/11/2003, referente ó acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 30/10/2003, sobre modificacións da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Incremento do Valor de Terreos de Natureza Urbana; sen que se presentaran reclamacións en contra da

mesma, en cumprimento do disposto polo artigo 17.4 da Lei 39/88 de Fachendas Locais, faise pública á citada modificación, que queda aprobada definitivamente.

ORDENANZA FISCAL Nº 5

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ó establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II, e arts. 105 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988 de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais na súa redacción dada pola Lei 51/2002 de 27 de decembro de modificación de dita norma, se regula mediante a presente Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Artigo 1. Feito Imponible

1. Constitue o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimentan os terreos de natureza urbana manifestado a consecuencia da transmisión da propiedade por calquera título o da constitución o transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio sobre os bens mencionados.

2. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles. En consecuencia con iso, está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos de dito Imposto sobre Bens Inmóbles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro o no Padrón de aquel. Ós efectos deste imposto, estará así mesmo suxeito, o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.

3. Non se producirá a suxección á imposto nos supostos de aportacións de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ó seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

Tampouco non se producirá a suxección ó imposto nos supostos de transmisións de bens inmóbles entre cónxuxes o a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación o divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

- a) Nas transmisións de terreos o na constitución o transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física o xurídica, o a entidade a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo o aque-

la a favor da cal se constituía o se transmita o dereito real do que se trate.

- b) nas transmisións de terreos o na constitución o transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física o xurídica, o a entidade a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que transmita o terreo o que constituía o transmita o dereito real do que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituído do contribuínte, a persoa física o xurídica, o a entidade a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou aquela a favor da cal se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

Artigo 3. Exención

1. Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos actos seguintes:

A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron o seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles.

Para que proceda aplicar a exención prevista no apartado b) deste punto, será preciso que concorran as seguintes condicións:

- Que o importe das obras de conservación e/ou rehabilitación executadas nos últimos cinco anos sexa superior ó 50 % do valor catastral do inmueble, no momento do percibo do imposto.
- Que ditas obras de rehabilitación fosen financiadas polo suxeito pasivo, ou o seu ascendente de primeiro grao.

Así mesmo, estarán exentos deste imposto os correspondentes incrementos de valor cando a obriga de satisfacer aquel recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, ás que pertenza o Concello, así como os Organismos autónomos do Estado e as Entidades de Dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e de ditas Entidades Locais.
- b) O Concello da imposición e demais Entidades Locais integradas ou nas que se integre dito Concello, así como as súas respectivas Entidades de Dereito público de análogo carácter ós Organismos autónomos do Estado.

As Institucións que teña a cualificación de benéficas ou de benéfico-docentes.

As Entidades xestoras da Seguraza Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro, de ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.

Os titulares de concesións administrativas revertible respecto ós terreos afectos ás mesmas.

A Cruz Vermella Española.

Artigo 4. Base imponible

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do percibo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.

A efectos da determinación da base imponible, terase en conta o valor do terreo no momento do percibo, de acordo co previsto nos apartados 2 e 3 deste artigo e a porcentaxe que corresponda en función do previsto no seu apartado 4.

2. O valor do terreo no momento do percibo resultará establecido nas seguintes regras:

- a) nas transmisións de terreos, o valor dos mesmos no momento do percibo, será o que teñan determinado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha Ponencia de valores que non reflexa modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada Ponencia, se poderá liquidar provisionalmente este imposto con amaño ó mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez que se obtivese conforme a os procedementos de avaliación colectiva parcial ou de carácter simplificado, recollidos nas normas reguladoras do Catastro, referido á data do percibo. Cando esta data non cadre coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes se corruxirán aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas Leis de Presupostos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmueble de características especiais, no momento do percibo do imposto non teña determinado valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referendo dito valor ó momento do percibo.

- b) na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo, aplicaránse sobre a parte do valor definido na letra anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e en particular dos preceptivos seguintes:

USUFRUCTO

1. Entendese que o valor do usufructo e dereito de superficie temporal é proporcional ó valor do terreo, a razón do 2% por cada período dun ano, sen que poda exceder o 70%.

2. Nos usufructos vitalicios estimarase que o valor é igual ó 70 por 100 do valor total dos bens cando o usufructuario conte menos de vinte anos, minorando, a medida que aumenta a idade, na propor-

ción dun 1 por 100 menos por cada ano, co límite mínimo do 10 por 100 do valor.

3. O usufructo constituído a favor dunha persoa xurídica se establecese por prazo superior a trinta anos ou por tempo indeterminado considerárase fiscalmente como transmisión de plena propiedade suxeita a condición resolutoria.

USO E CUARTO:

O valor dos dereitos reais de uso e cuarto é o que resulta de aplicar o 75% do valor do terreo sobre o que foi imposto, de acordo coas regras correspondentes á avaliación dos usufructos temporais ou vitalicios, segundo os casos.

NUDA PROPIEDAD:

O valor do dereito da nuda propiedade debe fixarse de acordo coa diferenza entre o valor do usufructo, uso ou cuarto e o valor total do terreo.

Nos usufructos vitalicios que, ó mesmo tempo, sexan temporais, a nuda propiedade se valorará aplicando, das regras anteriores, aquela que lle atribúa menos valor.

No usufructo a que se refiren os puntos 2 e 3, a nuda propiedade debe valorarse segundo a idade do mais novo dos usufructuarios instituídos.

- c) na constitución e transmisión do dereito a elevar unha ou mais plantas sobre un edificio ou terreo, o do dereito de realizar a construción baixo chan sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaránse sobre a parte do valor definido na letra a) que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión o, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.
- d) nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaránse sobre a parte do xustiprecio que corresponda ó valor do terreo, salvo que o valor definido na letra a) do apartado 2 anterior, fose inferior, neste caso prevalecerá este último sobre o xustiprecio.

3. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de avaliación colectiva de carácter xeral, tomaráse, como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda segundo as regras contidas no apartado anterior, o importe que resulte de aplicar a os novos valores catastrais as redución do 40%, aplicable respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais

A redución prevista neste apartado non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de avaliación colectiva de carácter xeral sexan inferiores ós ata entón vixentes.

O valor catastral reducido, en ningún caso poderá ser inferior ó valor catastral do terreo antes do procedemento de avaliación colectiva.

4. Sobre o valor do terreo no momento do percibo, derivado do disposto nos apartados 2 e 3 deste artigo, aplicarase a porcentaxe anual de acordo co seguinte cadro:

a) Período de un ata cinco anos:	2 %
b) Período de ata dez anos:	2%
c) Período de ata quince anos:	2%
d) Período de ata vinte anos:	2%

Para determinar a porcentaxe, aplicaránse as regras seguintes:

Primeira: O incremento de valor de cada operación gravada polo imposto, determinarase con respecto á porcentaxe anual fixada na escala de porcentaxes da ordenanza fiscal para o período que comprenda o número de anos ó longo dos cales se puxese de manifesto dito incremento.

Segunda: A porcentaxe de aplicar sobre o valor do terreo no momento do percibo, será o resultante de multiplicar a porcentaxe anual aplicable a cada caso concreto polo número de anos ó longo dos cales puxerese de manifesto o incremento do valor.

Terceira: Para determinar a porcentaxe anual aplicable a cada operación concreta conforme á regra Primeira e para determinar o número de anos polos que se ha de multiplicar dito porcentaxe anual conforme á regra Segunda, só se considerarán os anos completos que integren o período de posta de manifesto do incremento de valor, sen que a tales efectos podan considerarse as fraccións de anos de dito período.

O tipo de gravame do imposto fica fixado da seguinte forma:

Período de un ata cinco anos:	17 %
Período de ata dez anos:	17%
Período de ata quince anos:	17%
Período de ata vinte anos:	17%

Artigo 5. Cota

1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, a bonificación a que se refire o artigo 7 desta ordenanza.

Artigo 6. Bonificacións

1. As transmisións morte causa referentes á vivenda habitual do causante, sempre que os adquirentes sexan o cónxuxe, os descendentes ou os ascendentes por natureza ou adopción, gozarán das seguintes bonificacións na cota:

- a) O 95% se o valor catastral do chan correspondente á vivenda non excede de 20.000 euros
- b) O 25% se o valor catastral do chan é superior a 20.000 euros.

Artigo 7. Percibo do Imposto: Normas xerais

O imposto percíbese:

- a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou de balde, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

- b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. O período de xeración é o tempo durante o cal fíxose patente o incremento de valor que grava o imposto. Para a súa determinación tomaranse os anos completos transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo que se transmita ou da constitución ou transmisión igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do dominio sobre este, e a data de realización do novo feito imponible, sen considerar as fraccións de ano.

3. Os efectos que dispón o apartado anterior considerárase como data da transmisión:

- a) nos actos ou nos contratos entre vivos, a de outorgamento do documento público e cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público, a de defunción de calquera dos asinantes ou a de entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

- b) nas transmisións por causa de morte, a de defunción do causante.

O período de xeración do incremento de valor non poderá ser inferior a un ano.

Artigo 8. Percibo do Imposto: Normas especiais

1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución ter lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle producira efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de catro anos dende que a resolución ficou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non produciase efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución algunha.

2. Se o contrato fica sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e se considerará como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo se estimará a avenencia en acto de conciliación e o simple allanamento da demanda.

3. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase con amaño ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva, non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado anterior.

Artigo 9. Réxime de declaración e ingreso

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar ante o Concello a declaración-liquidación, contendo os elementos da relación tributaria imprescindibles para comprobar a declaración-liquidación.

2. Dita declaración-liquidación deberá ser presentada nos seguintes prazos, a contar desde a data en que se produza o percibo do imposto:

- a) Cando se trate de actos Inter Vivos, o prazo será de trinta días hábiles.
- b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo.

3. A declaración acompañarase do documento no que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

4. O ingreso da cota realizarase simultaneamente á presentación da declaración-liquidación. Esta terá a consideración de liquidación provisional en tanto que polo Concello non se comprobe que a mesma efectuouse mediante a aplicación correcta das normas reguladoras do imposto e sen que poidan atribuírse valores, bases ou cotas diferentes das resultantes de ditas normas.

5. Con independencia do disposto no apartado 1 deste artigo, Están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible nos mesmo prazos que os suxeitos pasivos:

- a) nas transmisións a título lucrativo, sempre que se producisen por negocio xurídico entre vivos, o donante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) nas transmisións a título oneroso, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

7. Así mesmo, os Notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para o coñecemento ou lexitimación de sinaturas.

Disposición adicional primeira

As modificacións producidas por Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición adicional segunda

En relación coa xestión, liquidación, inspección e recadación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, a competencia para evacuar consultas, resolver reclamacións e impor sancións corresponderá á Entidade que exerza ditas funcións, cando fosen delegadas polo Concello, de acordo co establecido nos artigos 7, 12 e 13 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal de fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, modifica a ordenanza do Imposto sobre In-

cremento do valor dos terreos de natureza urbana aprobada provisionalmente polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 24 de Febreiro de 1.990, e entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Silleda, 23 de decembro de 2003.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Vieitez. 1002

* * *

A ESTRADA

A N U N C I O

Rematado o prazo de exposición ó público sen producirse reclamacións contra os acordos plenarios do 10 de novembro de 2003, aprobatorios de diversos expedientes de modificación de ordenanzas fiscais, anunciado no Boletín Oficial da Provincia nº 218, do 11-11-2003, procédese á publicación dos seus textos íntegros unha vez elevados a definitivos os devanditos acordos, de conformidade co disposto no artigo 17, parágrafos 3 e 4 da Lei 39/1988, do 28 de decembro:

“ORDENANZA FISCAL Nº 2, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA”

Artigo 1.—Normativa aplicable

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, rexerese neste Concello:

- a) Polas normas contidas no capítulo segundo, sección 3ª, subsección 4ª da Lei 39/1988 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais; e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a Lei.
- b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.—Natureza e Feito imponible

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa neles. Para os efectos deste imposto, tamén se consideraran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que, sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilogramos.

Artigo 3.—Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, das que conste ó seu nome o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 4.—Exencións

Estarán exentos do imposto:

Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en Tratados ou Convenios internacionais.

As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

Os vehículos para persoas de mobilidade reducida ós que se refire a letra A do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos bonificados por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto nesta letra, considéranse persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ó 33 por cento.

Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída ó do conductor.

Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder gozar das exencións a que se refiren as letras e) e g) do apartado anterior, os interesados deberán acompañar á solicitude os seguintes documentos:

a) No suposto de vehículos para persoas con minusvalidez ou de mobilidade reducida:

- Fotocopia do Permiso de Circulación.
- Fotocopia do Certificado de Características Técnicas do Vehículo.
- Fotocopia do D.N.I. (anverso e reverso).
- Fotocopia da certificación do grao de invalidez ou diminución física expedida polo órgano competente da Comunidade Autónoma.